



Museo  
do Pobo  
Galego



Instituto de  
Estudos das  
Identidades

Chantada I, San Vicente de Agrade, novembro 1980

Concha 69 anos

-P.- Peruxiño e Maruxiña.

129 I,1,4.

1) "Boas noites, Maruxiña,  
que cansadiño che veño,  
dam un tallo pra sentarme  
porqu'eu de pé non me teño."

(1)

$\sqrt{\quad}$  44  
 $\sqrt{\quad}$  67<sub>a</sub>

2) "E qué milagro, Peruxo,  
vir hoxe tan sofocado  
non sei que traerás de novo  
por ahí algún milagro."

3) "Pois traígoch'unha noticia  
que agora che vou contar,  
veño saber se me queres  
porqu'eu quérome casar." *casar*

4) "E se te queres casar  
eu xa ch'estou rabeando  
así que se ti me queres  
casámonos de contado."

5) "Pois logo nos casaremos,  
contestoulle Peruxiño,  
porque agora no inverno  
non par'ò demo co frío."

6) "Eu tamén estou tembando  
dixoll'a tía Maruxa,  
siempre cando vou á cama  
teño qu'ir soprando as uñas." *(siempre)*

7) "Pois pra quitar ese frío  
hai que buscar un remedio,  
esta noite, Maruxiña,  
e millor que nos xuntemos."

8) "Eu xuntar ben me xuntaba  
se non fora o resultado  
pero se me fas un neno  
despois teño que crialo."

9) "Non faigas caso, Maruxa,  
a que Dios nos deia un neno,  
hei traballar canto poida  
pra ganhar con que mantelo."

-P.- Peruxiño e Maruxiña.

I,1,

- 10) "E sa que tanto me queres  
eu a ti tamén che quero  
pero antes de xuntarnos  
hai que casarse primeiro."
- 11) "Pois se é que nos casamos  
gastamos moito diñeiro,  
o cura e o sancristán  
son un fato de larpeiros."
- 12) "E se é que nos xuntamos  
contestoull'a Maruxiña,  
van a decidir por a aldea  
que levamos mala vida."
- 13) "Non faigas caso, Maruxa,  
a que falen pola aldea,  
decimos que nos casamos  
por detrás da ramalleira."
- 14) "Alabado seña Dios,  
sei qu'a ti te tent'ò demo  
non veñas con ises contos  
porqu'entonces non te quero."
- 15) "Cala, por Dios, Maruxiña,  
non me faigas rabear,  
eu ben sei que ti me queres  
pro querele desemular."
- 16) Enfadado o Peruxiño,  
tratáron o casamento,  
botaron as municións  
e casouse moi contento.
- 17) Ahora voull'es contar  
o qu'engañan as mulleres,  
o probe do Peruxiño  
déronlle gato por lebre.
- 18) Alá na primeira noite  
que durmiu coa Maruxiña  
xa ll'empezou a decidir  
que lle dofa a barriga.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades



Museo  
do Pobo  
Galego



Instituto de  
Estudos das  
Identidades

Chantada I, 1, San Vicente de Agrade, novembro 1980

Concha 69 anos

-P.- Peruxiño e Maruxiña.

I,1,

- 19) Hasta que os poucos momentos  
saille rebrincando a cría  
i o Peruxiño asustado  
deu un brinco e foi a cociña.
- 20) "Levántate, miña sogra,  
que teñes muller parida  
i eu non sei quen é o pai  
a ver se conoz'a cría."
- 21) "O pai éch'o señor cura,  
dixoll'ó demo da vella,  
pero ti non digas nada  
que nos dá moitas cadelas.
- 22) Pois douros catro mil rás  
pra comprar unhos becerros  
así que, meu Peruxiño,  
ti podes estar contento."
- 23) "Eu ben contento ch'estou,  
que viva el moitos anos  
pois sacoume de un apuro  
e aforroume dun traballo."
- 24) Así é que d'ox'en día,  
mociños, tende coidado,  
se non queredes levar  
muller comida dos ratos.

-N.- Xan Guintán.

13.

131.

- 1) Xan Guindán quere casar,  
non tiña muller buscada,  
fuille faguer o amor  
á filla da tía Xuana. A (2)
- 2) "Boas noites tía Xuana,  
¿onde lle vai a rapaza?"  
"Vai buscar o gas prá noite,  
xa me parece que tarda." A
- 3) E dalí unha miguiña  
entróu pola porta pra dentro:  
"Boas noites, Xan Guindán,  
traíote no pensamento." B